

CONCELLO DE CAMARIÑAS  
A CORUÑA

**ANUNCIO DO CONCELLO DE CAMARIÑAS PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL MEDIANTE CONCURSO, DE ONCE PEÓNS AO ABEIRO DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS A TRAVÉS DO PROGRAMA DE COOPERACIÓNS (ORDE DE 30 DE DECEMBRO DE 2010)**

**Obxecto:** Contratación laboral temporal de once peóns. O contrato formalizarase baixo a modalidade de duración determinada de interese social.

**Requisitos dos aspirantes:** Os establecidos nas bases aprobadas por Decreto da Alcaldía de data 28 de setembro de 2011.

**Procedemento:** concurso de méritos.

**Presentación de instancias:**

**Prazo:** *Tres días naturais*, a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios do Concello.

**Lugar:** Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Camariñas.

**Lugar de obtención de información:** Concello de Camariñas , Praza de Insuela, núm. 57 - 15123 - Camariñas.

Camariñas, a 28 de setembro de 2011.

O Alcalde,



Asdo.: Manuel Valeriano Alonso de León



**BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE ONCE PEÓNS AO ABEIRO DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS A TRAVÉS DO PROGRAMA DE COOPERACIÓNS (ORDE DE 30 DE DECEMBRO DE 2010)**

**1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

O obxecto desta convocatoria é a selección de once peóns para a súa contratación laboral temporal a través de contratos de interese social polo Concello conforme ás subvencións concedidas polo Xefe Territorial (Area Traballo) de A Coruña da Consellería de Traballo segundo resolucións ditadas nos expediente núm. TR351A 2011/581-1; núm. TR351A 2011/582-1; núm. TR351A 2011/583-1 núm. TR351A 2011/586-1 e núm. TR351A 2011/585-1, ao abeiro da orde de 30 de decembro de 2010, polo que se regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o exercicio 2011

**2ª. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN**

O procedemento de selección é do de concurso e constará de dúas fases a primeira valoración de méritos e a segunda consistente na realización dunha entrevista persoal.

**3ª OFERTA DE EMPREGO**

De acordo co previsto no art. 13 da citada Orde, na que se sinala o proceso de selección dos traballadores/as, estes deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia e estar dispoñibles para o emprego. Estando obrigadas as entidades beneficiarias desta subvención a solicitar os/as traballadores/as mediante a presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego que corresponda á dirección do centro de traballo do posto ofertado nos modelos normalizados ao efecto (DOG núm. 30 de decembro de 2011).

Realizada a oferta polo Concello a oficina pública remitiu 130 candidatos.

**4º. MODALIDADE DE CONTRATACIÓN, DURACIÓN DO CONTRATO E RETRIBUCIÓNS .**

O **contrato** formalizarase baixo a **modalidade de duración determinada de interese social**, tendo en conta que, en todo caso, o contrato deberá formalizarse dentro do exercicio 2011, nos termos expresados na resolución da concesión (art. 14.1 da citada Orde da convocatoria). **A duración do contrato será de seis (6) meses** dende a formalización do mesmo. Sendo as retribucións de 1.287,48 €, correspondendo este importe ao salario bruto mensual incluída prorrata de paga extra.

**5ª.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.**

Os participantes no proceso de selección poderán ser unicamente aqueles que se encontren incluídos na listaxe de candidatos remitida pola Oficina Pública de Emprego en relación ao oferta realizada polo Concello de Camariñas.

Ademais para tomar parte neste proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os requisitos establecidos nos art. art. 56 e seguintes da Lei 7/2007, de 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, en adiante EBEP (BOE núm. 89, de 13 de abril de 2007) e aqueles establecidos pola Orde do 30 de decembro de 2010, pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2011, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos **programas de cooperación**, no ámbito de colaboración coas entidades locais, isto é:



## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no art. 57 do EBEP.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumprido dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que se fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público
- e) Estar desempregado e inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia e estar dispoñible para o emprego.

Todos os requisitos esixidos nestas bases deberanse cumprir polos/as aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias e mantelos ata o momento da formalización dos contratos.

Coa presentación da solicitude a que se refire a base seguinte entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.-

### **6ª.- SOLICITUDE DOS ASPIRANTES**


O Concello formulou oferta xenérica no Oficina Pública de Emprego de Cee aos efectos de que pola mesma se remitirán ao Concello a listaxe de candidatos para cubrir as prazas.

Remitada pola Oficina Pública correspondente a devandita listaxe farase pública a mesma mediante anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e a efectos unicamente informativos na páxina web, dispoñendo as persoas incluídas na mesma de **TRES DÍAS NATURAIS**, a contar dende o seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios, para presentar a seguinte documentación:

- 1.- Solicitude de participación que se presentará no modelo oficial que se achega como anexo ás presentes bases.
- 2.- Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade.
- 3.- Fotocopia compulsada de tódolos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos.

Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fagan constar nas súas solicitudes, podendo demandar a súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido no parágrafo dous desta base para a presentación de solicitudes, transcorrido o cal non se admitirá ningunha petición desta natureza.

Rematado o citado prazo de presentación de instancias o Alcalde Presidente do Concello ou Concelleiro en quen delegue ditará resolución, aprobando a lista de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.



## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

O aspirantes excluídos, así como os omitidos na relación de admitidos ou excluídos disporán dun prazo de 2 días naturais contados a partires do seguinte ó da publicación da resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello, para subsanar os defectos que motivaran a súa exclusión ou a súa omisión das relacións de admitidos e excluídos. Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a serán incluídos na relación de admitidos serán definitivamente excluídos da realización das probas. De non presentaren reclamacións dentro deste prazo, a relación de admitidos elevarase a definitiva. No caso de que fosen admitidos tódolos aspirantes presentados, poderá ditarse directamente a lista definitiva de admitidos, sen prexuízo de que contra a mesma se poderá interpoñer os recursos procedentes en dereito.

Contra a resolución pola que se aproba a lista provisional de admitidos, así como contra aquelas outras que resolvan a subsanación de defectos ou omisión de inclusión poderán interpoñerse os recursos que teñan lugar en Dereito.

Na mesma resolución o Alcalde- Presidente ou Concelleiro en quen delegue determinará a data da reunión do Tribunal cualificador ao efecto de valorar os méritos e a de celebración da entrevista persoal, que será igualmente publicada no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na web do mesmo.

### **7ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

O Tribunal Cualificador estará integrado do seguinte xeito:

**Presidente:** D. Manuel Antonio Soneira Tajés

**Secretario:** D. Juan José Canosa Canosa

**Vogais:** D. José Manuel Tedín Tedín  
Dna. Dolores Pena Méndez

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992 citada, ou cando realizaran tarefas de preparación de aspirantes para probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Os/as aspirantes poderán recusalos de acordo co artigo 29 da mencionada lei.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será preciso a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a.

O Tribunal Cualificador queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

### **8ª.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.**

A selección realizarase tendo en conta o necesario cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, promovendo a selección entre os candidatos que cumpran as condicións esixidas na presente convocatoria.

A selección realizarase de conformidade co previsto na presente base polo sistema de concurso, con arranxo á seguinte baremo:

#### **1º FASE DO CONCURSO**

**A) Por estar en posesión do carné de conducir B, 0,30 puntos.**



## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

A acreditación deste apartado realizarase mediante a presentación de copia autenticada/compulsada do carné de conducir.

### **B) Por ter realizado un curso de cincuenta o máis horas en materia de prevención de riscos laborais, 0,20 puntos.**

A acreditación deste apartado realizarase mediante a presentación de copia compulsada ou autenticada de certificado ou diploma expedido polos organismos ou institucións oficiais das administracións públicas ou incluídas nos plans de formación das mesmas.

Os cursos, certificacións ou diplomas nos que non consten o número de horas lectivas non se valorarán.

### **C) Tempo de permanencia de forma ininterrompida en situación de desemprego. Ata un máximo de 4,50 puntos**

Por cada mes en situación de desemprego outorgarase unha puntuación de 0,15 puntos.

A acreditación deste apartado realizarase mediante a presentación de orixinal ou copia compulsada dun informe de períodos de inscrición expedido polo oficina pública de emprego.

### **PUBLICIDADE DO CONCURSO**

Os resultados desta 1º fase de concurso faranse públicos, mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios do Concello con anterioridade a realización da entrevista persoal.

### **2º FASE DO CONCURSO**

Entrevista persoal: Por parte do tribunal realizaranse preguntas relacionadas coas funcións propias do posto e aquelas que permitan valorar a actitude do aspirante en relación ao mesmo.

Valorarase entre 0,00 e de 5,00 puntos.

Os aspirantes serán convocados para a referida entrevista na data e hora designada na resolución da Alcaldía sinalada na base 5ª. Deberán concorrer provistos do seu DNI, sendo convocados en chamamento único, a non concorrencia á entrevista no momento de seren chamados comportará que quedará excluído do proceso selectivo.

Malia o anterior, nos supostos de caso fortuíto ou forza maior que impidise a presentación dos aspirantes no momento previsto, sempre que está debidamente xustificado e así o aprecie o Tribunal, poderase examinar ós aspirantes afectados por estas circunstancias, sempre que non rematase a proba correspondente ou de rematar esta, cando non se entorpeza o desenvolvemento da convocatoria con prexuízo para o interese xeral ou de terceiros.

### **9ª.- PROPOSTA DE SELECCIONADOS/AS.**

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal publicará taboleiro de anuncios da Corporación a relación dos/as aspirantes por orde da puntuación total final, con especificación desta. O Tribunal elevará a correspondente proposta de contratación a favor dos/as aspirantes que obtiveran a puntuación total máis alta (o Tribunal Cualificador non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ao das prazas convocadas). Así mesmo elaborará unha relación de reservas por orde da puntuación obtida por se fose necesario cubrir algunha baixa ou renuncia dos/as seleccionados/as.



## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

No prazo que se indique polo Concello e sempre despois á data da publicación/notificación do resultado da selección, o aspirante seleccionado, deberá xustificar que reúne os requisitos esixidos na convocatoria, presentando os documentos que non foran xa presentados xunto coa solicitude na. É dicir:

- a) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza xudicial firme.
- b) Declaración xurada de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.
- c) Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade ou eiva física que imposibilite o normal exercicio da función.
- d) Cartilla da Seguridade Social no caso de ter sido dado de alta con anterioridade.

Ante a imposibilidade debidamente xustificada, de presentar a documentación requirida, poderá acreditarse que se reúnen as condicións esixidas na convocatoria, mediante calquera medio de proba admisible en Dereito.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación sinalada na presente base, agás nos casos de forza maior, ou cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na instancia presentada para tomar parte no proceso selectivo, dará lugar á invalidez das actuacións do aspirante, e xa que logo, a nulidade dos actos do Tribunal en relación co aspirante e a imposibilidade de efectuar o seu nomeamento, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que puidese ter incorrido. Neste caso, a proposta considerarase feita a prol do aspirante que, segundo á orde de puntuación obtida, teñan cabida no número de postos convocados; todo elo como consecuencia da citada anulación.

### **10.<sup>a</sup> - DESIGNACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

- 1.- Aportados os documentos a que se refire á Base anterior polo/a interesado/a e sendo a mesma conforme, o sr. Alcalde procederá á designación do aspirante seleccionado e sinalará o día no que deberá de acudir ao Concello para a formalización do correspondente contrato laboral.
- 2.- Mentres no se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.
- 3.- Quen sen causa xustificada non concorrese á formalización do contrato na data sinalada, perderá tódolos dereitos derivados da superación das probas selectivas.

### **11.<sup>a</sup>.- NORMAS FINAIS.**

**Primeira.-** Para todo o non previsto nestas bases, ou naquelo que as contradigan, será de aplicación supletorio o establecido na Lei reguladora das bases de réxime local, na Lei 7/2007 de 12 de abril de administración local de Galicia, Real Decreto 896/1991, Real Decreto 364/1995, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

**Segunda.-** Agás a convocatoria, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos, exclusivamente, a través do Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.




**CONCELLO DE CAMARIÑAS**  
**A CORUÑA**

**Terceira.-** Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polas/os interesadas/os nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes. presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante deste.

**Cuarta.-** Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses (contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria). Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recursos de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contados dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que considere procedente.





**CONCELLO DE CAMARIÑAS**  
**A CORUÑA**

**MODELO DE SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE ONCE PEÓNS AO ABEIRO DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS A TRAVÉS DO PROGRAMA DE COOPERACIÓNS ( ORDE DE 30 DE DECEMBRO DE 2010)**

<b>Nome</b>	<b>Primeiro Apelido</b>	<b>Segundo Apelido</b>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<b>Dirección</b>	<b>Localidade</b>	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	
<b>Concello</b>	<b>Tfno./Fax</b>	<b>DNI</b>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**SOLICITA**

Tomar parte no proceso convocado polo Concello de Camariñas para a **SELECCIÓN DE ONCE PEÓNS AO ABEIRO DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS A TRAVÉS DO PROGRAMA DE COOPERACIÓNS ( ORDE DE 30 DE DECEMBRO DE 2011)** a estes efectos acompaño a seguinte documentación, segundo o disposto nas bases da convocatoria:

- Fotocopia compulsada do **documento nacional de identidade.**

**MÉRITOS**

- Fotocopia compulsada/autenticada do **carné de conducir B.**
- Fotocopia compulsada/autenticada de **certificado ou diploma** expedido polos organismos ou institucións oficiais das administracións públicas ou incluídas nos plans de formación das mesmas en materia de **prevención de riscos laborais.**
- Orixinal ou fotocopia compulsada dun **informe de períodos de inscrición.**

En....., .....de ..... de 2011

(O INTERESADO,)

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CAMARIÑAS".**

Diligencia: Que estendo eu, a secretaria, para facer constar que as presentes bases que constan de sete folios, foron aprobadas en virtude de Decreto da Alcaldía de data 28 de setembro de 2011.

A Secretaria,  
Asd.; M<sup>a</sup> Loreto López Fernández

